




Antonio Gamoneda recibiu, entre outros, o premio Cervantes e o Rosalía de Castro que o ano pasado lle entregou o PEN Club de Galicia

Gamoneda Universal

A Asociación de Escritores en Lingua Galega nomeou onte o poeta Antonio Gamoneda 'Escritor Galego Universal' pola súa "altísima poesía e o insubornábel compromiso ético do autor, para quen o individuo, e por tanto o poeta, se realiza na poesía como forma de coñecemento". O autor recibirá o galardón o 30 de abril na Cea das Letras.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) destaca con esta mención a Gamoneda "a altísima poesía e o insubornábel compromiso ético do autor, para quen o individuo, e polo tanto o poeta, se realiza na poesía como forma de coñecemento".

Con motivo da entrega do premio, Antonio Gamoneda estará en Galicia en abril. O día 29 ofrecerá unha conferencia na cidade da Coruña e o 30 asistirá á Cea das Letras, organizada pola Asociación de Escritores. Gamoneda tamén foi

recoñecido o ano pasado polo PEN Club de Galicia, co Premio Rosalía de Castro.

A obra de Gamoneda, nado en Oviedo en 1931, esténdese desde o ano 1960 –con *Sublevación inmóvil*– até hoxe marcada por unha fonda pegada ética que gaña forza nun exemplo de coherencia e verdade poética.

O poeta, que recibiu o Premio Cervantes en 2006, reivindícase como pertencente á cultura da pobreza: o sufrimento social penetra na súa conciencia lingüística, con-

feríndolle unha linguaxe poética e semanticamente subversiva. Combina un poderoso dominio do idioma cunha permanente actualidade do seu mundo poético nacida da asunción da propia historia persoal e colectiva.

O recoñecemento europeo e americano revélase na tradución da súa obra a distintas linguas. O escritor está a preparar a segunda parte das súas memorias que iniciou con *Un armario de sombra* e última o poemario *Canción errónea*, un título por agora provisional. ● MARÉ